

MEMORIA DA AVALIACIÓN DE RISCOS

I TROFEO DE ORIENTACIÓN CONCELLO DE RIBEIRA

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DISTANCIA MEDIA

II PROBA VI LIGA TRANSFRONTEIRIZA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

V PROBA DA XXXIII LIGA GALEGA DE O-PÉ

Ribeira

1 de xuño de 2024

**I TROFEO DE ORIENTACIÓN
CONCELLO DE RIBEIRA**
CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE DISTANCIA MEDIA
II PROBA VI LIGA TRANSFRONTEIRIZA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL
V PROBA XXXIII LIGA GALEGA DE

O-PÉ

**SAN ALBERTO,
CONCELLO DE RIBEIRA**

DATA DA PROBA:
1 DE XUÑO ÁS 10:00

FIN DAS INSCRICIÓNS:
26 DE MAIO ÁS 23:50

MÁIS INFO:
FEGADO.ES



Organizan:



Colaboran:



ORGANIZACIÓN:

Asociación Deportiva e Cultural Arnela

Número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta C-10978

INDICE:

1. [DESCRIPCIÓN DA PROBA OBXETO DA AVALIACIÓN DE RISCOS](#)
2. [DEFINICIÓNS](#)
3. [PASOS PARA COMPLETALA AVALIACIÓN DE RISCOS](#)
4. [MEDIDAS XENÉRICAS PARA REDUCILOS RISCOS / TRATAR FERIDOS](#)
5. [COBERTURA DA RESPONSABILIDADE CIVIL](#)
6. [POTENCIAIS SITUACIÓNS DE RISCO E METODOLOXÍA DE ACTUACIÓN](#)

ANEXOS:

[ANEXO I](#)

[ANEXO II](#)

1. DESCRIPCIÓN DA PROBA OBXETO DA AVALIACIÓN DE RISCOS

Campionato Xunta de Galicia de Distancia Media
II proba VI liga Transfroteiriza Galicia-Norte de Portugal
V Proba da XXXIII Liga Galega de O-Pé (Distancia Media)
a celebrar o vindeiro sábado 1 de xuño de 2024.

Obxecto da Avaliación de Riscos.

O obxecto desta avaliación de riscos para unha proba de orientación a pé é examinar tódolos aspectos da organización e planificación da proba, os perigos potenciais, as persoas que poderían resultar afectadas, os procedementos xa existentes e aqueles que son preciso utilizar para minimizar os riscos. Atende a áreas que o organizador, o trazador e, no seu caso, o controlador, deberían considerar, de maneira que este non supoña unha gran carga de traballo adicional. Preténdense asegurar que tódolos aspectos relevantes se consideren dunha forma sistemática, para que non se esqueza ningún deles.

Nome da proba : 5ª proba da XXXIII Liga Galega de O Pé
Campionato Xunta de Galicia de Distancia Media 2024
2ª proba da VI Liga Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal

Data da proba: 1 de xuño de 2024

Lugar da proba: SAN ALBERTO (Ribeira)

Nº esperado de 250-300
participantes:

Avaliación efectuada por: David Lareo **Data:** 27/05/2024

Avaliación revisada por: Antonio Piñeiro e Ramón Sampedro **Data:** 29/05/2024
(Directores da Proba)
José Antonio Ricoy Bugarín (Xuíz
Controlador)

Organización da proba e datos de contacto.

	NOME	CONTACTO
Organizador	ADC ARNELA / USC	
Directores da proba	ANTONIO PIÑEIRO	646373657

	RAMÓN SAMPEDRO	604452920
Responsable de Seguridade	DAVID LAREO	649264427
Cobertura de primeiros auxilios	AMBULANCIAS COMPOSTELA S.L	
PAC máis próximo	S.A.P. DE RIBEIRA	981870550
Hospital público máis próximo	HOSPITAL DE BARBANZA	981835985
Servicio continuo de urxencias	HOSPITAL HM ROSALEDA (URXENCIAS)	981551206

2. DEFINICIÓNS

Perigo: Estado ou condición de inseguridade, co potencial de ocasionar danos ós participantes ou a terceiros.

Avaliación de riscos: Medida da posibilidade de que un risco en particular cause danos e da gravidade do dano causado. Non é suficiente con realizar unha avaliación e identificalos perigos de alto risco (si os houbera); deben levarse a cabo as accións para reducir o risco de tales perigos a un nivel aceptable.

3. PASOS PARA COMPLETALA AVALIACIÓN DE RISCOS.

A avaliación de riscos deberá ser cuberta polo organizador, consultando con outro persoal autorizado da proba. O controlador, no seu caso, deberá revisala. O organizador deberá gardar unha copia da avaliación de riscos, que terá dispoñible na proba. Entregarase unha copia a todo o persoal autorizado con tarefas de responsabilidade asignada.

1. *Examinalos perigos.*

Examinala lista de perigos na avaliación de riscos e decidir o nivel de risco que ditos perigos presentan. Marcar aqueles que concorran na proba. Pensar en que outros perigos específicos poidan xurdir en circunstancias particulares e engadir detalles dos mesmos onde corresponda.

2. *Decidir que medidas se van a utilizar para mitigar os perigos identificado.*

¿Que precaucións se van a poñer en marcha ou xa se iniciaron para mitigar os riscos dos perigos identificados? Exemplos xerais de boas prácticas detállanse nos seguintes apartados e cítanse as actuacións e os medios a utilizar para conseguir óptimos resultados. Engadirase tamén calquera outro ítem que se vaia a utilizar especificamente na proba. Hai que dar prioridade a aqueles riscos que afecten a un gran número de persoas e/ou poidan resultar en danos graves. Hai que considerar o impacto da idade dos participantes nos riscos identificados. ¿É posible:

- Eliminar completamente o risco (salvo os eventuais perigos inherentes a orientación)?
- Buscar unha opción con menos risco? Por exemplo, trazar arredor da zona.
- Evitar o acceso a un perigo (mediante vixilancia)?
- Organizar as cousas para reducila exposición ó perigo?

3. *Asignar responsabilidades.*

A responsabilidade sobre cada unha das accións identificadas debe ser asignada a unha persoa en concreto.

4. MEDIDAS XENÉRICAS PARA REDUCILOS RISCOS / TRATAR FERIDOS.

A seguinte lista é de medidas xenéricas de prevención en materia de seguridade/asistencia médica, que poderían aplicarse a calquera dos perigos identificados. A gravidade do risco e o número de participantes na proba determinarán o nivel de cobertura requirido.

FERIDAS E ENFERMIDADES

Existirá un equipo de primeiros auxilios básico da organización (Botiquín) para os membros da organización durante a preparación da proba.

O día da proba actuarase do seguinte xeito:

- Centralizarase a información a través do responsable de seguridade da proba (David Lareo) e dos directores da proba (Antonio Piñeiro e Ramón Sampedro) e o seu número de contacto será accesible a todos os participantes a través da súa publicación nos mapas de todos os percorridos.
- En caso de ser necesaria algunha actuación, o coordinador do Servizo Médico e de Ambulancia no lugar da proba decidirá, xunto cos responsables anteriores que accións se levan a cabo.
- Disporase ademais do apoio do Servizo de Protección Civil de Ribeira e dalgún dos seus equipos motorizados, que poderían servir de enlace entre puntos de difícil acceso da zona de competición e a zona de secretaria e aparcamento da ambulancia.

Por último, a modo de información relevante, este documento de avaliación de riscos recolle os centros sanitarios máis próximos as probas así como as distancias e os itinerarios recomendados para a súa visita:

- **Punto de Atención Continuada (PAC) de Ribeira**

P.A.C. DE RIBEIRA


S.A.P. de Ribeira

Dirección: Praza Mariñeiros s/n 15960 Ribeira, A Coruña

Contacto:

-  Teléfono do centro: 981 870 550

Coordenadas GPS: 42° 33' 14.2"N 8° 59' 18.5"W



- Hospital de Barbanza

HOSPITAL DE BARBANZA




Enderezo: Lugar Salmón s/n, Ribeira, 15993, A Coruña

Contacto:

- Teléfono do centro: 981 835 985

- Fax do centro: 981 865 320

Coordenadas GPS: 42° 35' 36.1"N 8° 59' 58.6"W




- Servicio Continuo de Urxencias do Hospital HM A Rosaleda

Dirección HM Rosaleda

C/Santiago León de Caracas, 1 - 15701, Santiago de Compostela. La Coruña.

Teléfonos de Contacto

- Centralita: 981 551 200
- Urxencias: 981 551 206



PARTICIPANTES PERDIDOS

Medidas preventivas:

1. Información sobre os trazados e seguridade a través dos boletíns das probas.
2. Recomendación de levar teléfono móbil incluída nos boletíns das probas e dirixida aos participantes con menor experiencia na orientación deportiva.
3. Delimitación de perímetros de seguridade das zonas de competición, compostos por pistas e estradas recoñecibles.
4. Repaso das lista de saídas como comprobación dos participantes que iniciaron as probas.
5. Reconto de tarxetas e comprobación do sistema electrónico como comprobación dos participantes que finalizaron as probas.

Medidas activas de búsqueda:

1. Depositar a coordinación das distintas necesidades xurdidas da búsqueda na dirección da proba (Antonio Piñeiro e Ramón Sampedro).

2. Coordinar a búsqueda a través do responsable de Seguridade da proba (David Lareo) que decidirá equipos, medios e estratexias a levar a cabo para efectuar a búsqueda. Dentro dos medios dispoñibles para, nun momento dado, efectuar unha búsqueda estarían os responsables de campo e algún efectivo de saídas, voluntarios da Asociación Veciñal de Carreira, así como parte das duplicidades de persoal existentes situadas nas zonas de control dos pasos e da presaída.
3. Valoración da posibilidade de incorporación á búsqueda do servizo do 112 por parte dos Directores das probas.

Recordar neste último punto que a zona de competición está enclavada nunha situación tal que fai moi complicado que se produzan pérdidas ou desorientacións de competidores. Existen tres barreiras físicas en tres dos seus lindes que serven de liña de parada e de reubicación para o corredor. O Leste atopámonos coa Autovía do Barbanza e co valado que a delimita, o Sur co polígono Industrial de Xarás, e o Oeste coa estrada AC-550, considerada xa zona de fora de competición.

O único lindeiro non delimitado cunha liña evidente de parada é o Norte, pero o cambio de vexetación entre a zona de competición e a zona fora de carreira e tal neste punto que se fai reconocible o tránsito dunha zona a outra.

5. COBERTURA DA RESPONSABILIDADE CIVIL

- a) En principio, tódolos participantes deben estar en posesión da correspondente licenzia federativa anual individual, expedida pola Federación Española de Orientación, que inclúe o titular da mesma na correspondente póliza de accidentes deportivos.
- b) Os participantes carentes de dita licenzia anual, están obrigados, como condición de inscrición, a aboar unha cota dirixida a obtención dunha licenzia de proba, coa mesma cobertura que a licenzia anual.
- c) En canto á responsabilidade civil, a proba, dado o seu carácter oficial, queda cuberta co seguro de responsabilidade civil contratado pola Federación Española de Orientación (FEDO) coa compañía Aseguradora Markel Insurance SE España, a través da póliza nº 020S00016RCG, á que se pode acceder a través do seguinte enlace:
<https://www.fedo.org/web/ficheros/federacion/licencias/2024/seguro-deportivo/FEDO-RC-Condicion-Particulares.pdf>
- d) Ademais, e polos mesmos motivos expostos no epígrafe anterior, a proba queda cuberta fronte a accidentes deportivos mediante o seguro contratado pola Federación Española de Orientación (FEDO) coa compañía Aseguradora Allianz, Compañía de Seguros e Reaseguros S.A. a través da póliza 042728618, a que se pode acceder a través do seguinte enlace:
<https://www.fedo.org/web/ficheros/federacion/licencias/2024/seguro-deportivo/Poliza-Allianz-Fed-Esp-Orient-SP.pdf>
<https://www.fedo.org/web/ficheros/federacion/licencias/2024/seguro-deportivo/Anexo-poliza-42728618-FEDO.pdf>
- e) Así mesmo, os nenos federados en idades comprendidas dende os 6 aos 16 anos estarían cubertos pola Póliza da Xunta a través de Xogade, e a que se ten acceso a través do seguinte enlace:
https://xogade.xunta.gal/adjuntos/documentos/16_1_r.pdf
O protocolo a seguir nestes casos ven explicado tamén no seguinte enlace:
https://xogade.xunta.gal/adjuntos/documentos/9_1_p.pdf
- f) Por último, o club ADC ARNELA posúe, ademais, un seguro de responsabilidade civil, PÓLIZA **RS-G-426.000.791**, subscrita coa compañía **GENERALI ESPAÑA**, que

responderá a calquera circunstancia derivada dos danos provocados fora das garantías que cubran os anteriores seguros.

6. POTENCIAIS SITUACIÓNS DE RISCO E METODOLOXÍA DE ACTUACIÓN

1. RISCOS VENCELLADOS A MORFOLOXIA DO TERREO

Existen unha serie de accidentes xeográficos que en función da relación da súa ubicación coas zonas de competición catalogaranse como de risco baixo, medio ou alto. Estes elementos son:

- Acantilados e cortados con caída en altura.
- Vales profundos, vagadas ou espolóns de pendentes pronunciadas, etc.
- Rios, regatos, nacementos de auga e zonas de auga estancada.
- Zonas pantanosas.
- Terreos pedregosos ou rochosos.
- Límites da zona cartografada pouco identificables en campo.


Os accidentes xeográficos aquí citados considéranse de risco baixo se se encontran fora dos percorridos das probas, de risco medio se se atopan paralelos os percorridos das probas e de risco alto se os percorridos os atravesan.

As medidas coercitivas adoptadas para minimizar estes riscos son:

- Deseño dos percorridos por parte do trazador que eviten estes perigos.
- Deseño dos percorridos por parte do trazador adaptados o nivel suposto en cada categoría.
- Comunicación a través dos distintos boletíns das probas dos riscos e posibles situacións relacionadas coas peculiaridades da morfoloxía do terreo, incluso de forma detallada e individualizada por percorridos.

Destacamos en particular neste apartado uns elementos singulares da morfoloxía da zona de competición que denominaremos Regos de Erosión Fondos, e que se deberán describir de xeito detallado nos sucesivos boletíns da proba.

Trátanse duns regos de erosión con paredes que nalgúns lugares, pero noutros impasables por ser perpendiculares. Neste último caso a parede estará representada co símbolo de cortado impasable. O símbolo que se empregará para representar estes regos está deseñado especificamente para esta proba e será unha modificación do normativo 215 de “trincheira”.



2. RISCOS VENCELLADOS A PUNTOS DE PASO

Os puntos de paso e relación dos corredores cos mesmos presentan variedade de casuística, polo que analizáremos en función da súa natureza e das medidas adoptadas para minimizar o risco que se deriva da súa presenza.


- Puntos de paso seguros sobre obstáculos non naturais.

Pasos de valados e muros.

Non existen valados no mapa mais alá dos delimitadores da Autovía do Barbanza e máis das propiedades privadas, de xeito que non se ten previsto o paso dun lado o outro destes elementos.



Aínda e con todo, márcanse no mapa os pasos por baixo da Autovía, a modo de elemento de orientación, pero informando que o seu uso implica a saída da zona de competición por parte do corredor, coas consecuencias que isto leva aparellado.



- **Puntos de cruzamento de obstáculos non naturais.**

Cruces de estradas.

Dentro da competición so se transitará por pistas forestais de baixa intensidade.

No obstante, tanto a aproximación ao centro de competición como ás zonas destinadas a aparcamentos e mais á presaída, sí que suporá facer un tránsito pola beirarrúa dunha estrada de polígono industrial.

Tendo en conta a data na que se celebra a proba espérase que a citada estrada non estea concorrida.

Nembargantes, e aínda e cando o feito de aparcarse e de acceder a presaída non é considerado propio da competición a organización situará unha serie de voluntarios que supervisarán tanto a organización dos aparcamentos como o percorrido de acceso a presaída da proba.



Ademais, a modo de precaución tómanse as seguintes medidas:

-O trazado dos percorridos é tal que evita os potenciais puntos perigosos, como o acceso aos límites Leste e Oeste, que son os delimitados por autoestradas.

As eleccións de rutas ofrecen distintas alternativas que evitan todas os puntos entendidos como conflictivos.

-Sitúanse controladores de campo para que a delimitación da zona de competición sexa respectada polos corredores.

-Por último, infórmase nos boletíns de todo o relacionado coa xestión do aparcamento e máis coas zonas prohibidas e os pasos obrigatorios.

3. RISCOS VENCELLADOS A ACTIVIDADES SIMULTÁNEAS NAS ZONAS DE COMPETICIÓN

O tratarse de actividades en zonas de competición de usos non restrinxido poden darse actividades simultáneas o día das probas, tales como:

- Rutas a cabalo.
- Ciclismo.
- Motociclismo.
- Tráfico rodado de escasa relevancia.

As medidas adoptadas ou a adoptar para minimizar os riscos derivados da posible confluencia doutras actividades coa proba que nos ocupa detállanse a continuación:

- O trazador tivo en conta nos percorridos as zonas mais sensibles a interferencia doutras actividades.
- Notifícase as Comunidades de Montes do abanico horario que abranguen as probas para que non se programen outras actividades.
- Informárase de calquera novidade en canto a confluencia con outras actividades a través dos distintos boletíns das probas.
- Poráanse carteis informativos da proba no perímetro das zonas de competición, para que os confluente doutras actividades extremen as precaucións.
- En caso de detección dalgunha interferencia salientable no día da proba darase información os corredores nas saídas das probas.

4. RISCOS VENCELLADOS A ACTIVIDADES CINEXÉTICAS E GANDEIRAS

En caso de ter lugar algún tipo de actividade gandeira na zona de competición, informárase nos boletíns da convivencia da proba con calquera tipo de animal e dos patróns de comportamento a adoptar en caso de enconralos.

En canto as actividades cinexéticas, e co gallo de levar a cabo a competición dun xeito seguro para todos os participantes, tomáronse as medidas correspondentes mediante a comunicación continua e fluída coas comunidades de montes propietarias dos terreos.

5. RISCOS VENCELLADOS AS CONDICIÓNNS CLIMÁTICAS

As condicións promedio de temperatura en Ribeira para o mes de Xuño son de 23°C de máximas polo día de 14°C de mínimas.

A nubosidade situase en torno o 60% para esta época do ano e as probabilidades de precipitacións redúcense no histórico a un 25 %.

Atendendo a estes datos estadísticos a data elexida para a realización das probas que nos ocupan ofrece unhas condicións óptimas para o realizar o deporte de Orientación. No obstante como medida preventiva básica prestarase especial atención os boletíns meteorolóxicos na zona para o 1 de Xuño así como a clasificación IRDI da zona de competición.


En caso de risco sobrevido notificarase a corredores e clubs por todos os canles dispoñibles das actuacións a levar a cabo, sen descartar anulacións de probas de ser necesario.

ANEXO I PREVISIÓN METEOROLÓXICA PARA O DÍA DA PROBA


Predición Medio prazo

Actualizado o domingo, 26 maio 2024 - 12:00h

Evolución da temperatura (°C)




Estado do ceo



As condicións de temperatura agardadas para o día da proba en Ribeira son de 21°C de máximas polo día de 11°C de mínimas.

Agárdanse tamén ceos despexados, coa posible alternancia de algunha nube de xeito transitorio. As probabilidades de choiva son escasas polo que, en conxunto, preséntase un día de óptimas condicións para o desenrolo da proba.

ANEXO II PREVISIÓN IRDI PARA O DÍA DA PROBA



Ocultar límites
 Ocultar nombres
 Ocultar fondo
 Cambiar fondo

s 31	sábado 1	domingo 2
00-24h	00-24h	00-24h

Se ben a Xunta de Galicia establece diariamente o IRDI para cada zona da comunidade autónoma, existen certas ferramentas que axúdannos a prever a situación de forma anticipada e crible, como a que pon a nosa disposición a Aemet, que establece que para o día da proba o risco de incendio será considerable.

Tendo en conta esta previsión e co dato fixado pola Xunta de Galicia o propio día da proba, informarase os participantes e tomaranse as medidas oportunas.